

Rúbrica do Reto: Un planeta en apuros!

Podemos estruturar unha rúbrica para avaliar un reto en grupo como o descrito, onde os estudantes deben calcular e valorar a pegada de carbono de diferentes medios de transporte cara ao instituto, así como propoñer alternativas sostibles e desenvolver un plan urbano ideal, da seguinte maneira:

Criterios	Excelente (4)	Bo (3)	Aceptable (2)	Necesita Mellora (1)
FASE 1. Formulación do reto	Amosa boa actitude entendendo o que se pide e identificando claramente aos personaxes. Amosa predispoción a traballar en grupo.	Entende case todo o que se pide do reto identificando as personaxes.	Non comprende todo o que se pide no reto. Identifica algún dos personaxes.	Non le e/ou non comprende o obxectivo do reto. Non identifica os personaxes ou non o fai.
FASE 2. Cálculo de consumo real	Entende os concepto de consumo/km e comprende as unidades litro e kWh. Realiza todos os cálculos correctamente.	Entende os concepto de consumo/km e comprende as unidades litro e kWh. Realiza case todos os cálculos correctamente.	Entende os concepto de consumo/km e comprende as unidades litro e kWh. Non realiza os cálculos correctamente.	Non entende os concepto de consumo/km e comprende as unidades litro e kWh. Realiza todos os cálculos incorrectamente ou non responde as preguntas da tarefa.
FASE 3. Aplicación de fórmulas	Realiza todos os cálculos correctamente.	Realiza case todos os cálculos correctamente.	Realiza case todos os cálculos incorrectamente.	Realiza todos os cálculos incorrectamente ou non os fai.
FASE 4. Planificación urbana	Descarga o mapa correctamente. Están todos os elementos solicitados e razoa correctamente a proposta.	Descarga o mapa correctamente. Están case todos os elementos solicitados e razoa a proposta.	Descarga o mapa correctamente. Están algúns elementos solicitados.	Non descarga o mapa correctamente ou non sinala ningún elemento correctamente, ou sen facer.
FASE 5. Reflexión e conclusión	Ordena todos os medios de transporte por pegada de carbono. Reflexiona correctamente sobre a importancia do transporte público. Traslada os resultados á súa situación persoal.	Ordena todos os medios de transporte por pegada de carbono. Reflexiona correctamente sobre a importancia do transporte público.	Ordena algúns medios de transporte por pegada de carbono. Reflexiona sobre a importancia do transporte público.	Non ordena os medios de transporte. A reflexión é pobre e non está baseada en datos, ou sen facer.
Participación e Colaboración no Grupo	Participa activamente e colabora de forma efectiva co grupo, contribuíndo de maneira significativa á actividade.	Participa e colabora co grupo, pero con menor frecuencia ou intensidade.	Participa ocasionalmente e colabora mínimamente co grupo.	Non participa nin colabora co grupo de forma efectiva.

Este Reto debe fomentar o pensamento crítico sobre a situación do Cambio Climático e as medidas levadas a cabo para intentar paliarlo, polo menos no tocante á responsabilidade humana, fomentando tamén a autocrítica e a mellora continua mediante a retroalimentación construtiva tanto durante como despois da presentación do proxecto.

É importante valorar tanto o contido técnico e os cálculos precisos, pero tamén a presentación visual e a capacidade de argumentación dos estudantes. Esta rúbrica permitirá avaliar tanto os cálculos e traballos como a participación do alumnado e a súa colaboración no Reto deste REA.



“Rúbrica do Reto: un planeta en apuros!”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)